

Transformacións recentes na estrutura das cidades

- **Cidade difusa**
- **Os cambios no centro urbano (degradación vs rehabilitación)**
- **Cambios de uso no solo urbano**

Debido á dilatada historia da maior parte das cidades españolas, estas posúen elementos de época moi distintas, que lles confiren ás súas diferentes zonas un carácter diverso: o centro histórico, cos seus monumentos e rúas estreitas e tortuosas; os ensanches, de trazado regular; os arrabaldes, de crecemento desordenado; os desenvolvementos urbanos densos, en edificación aberta; e as novas periferias, cada vez máis dispersas e fragmentadas.

As distintas partes da cidade conéctanse entre si a través dos sistemas de transporte urbano. Estes sistemas son utilizados pola poboación para a realización diaria de actividades. A cidade é un organismo en constante evolución. Transfórmase constantemente, non só polo seu crecemento cara ao exterior, senón tamén polos procesos de reestruturación que teñen lugar no seu interior. As áreas urbanas expándense en superficie coma nunca antes o fixeran, coa creación de novos espazos residenciais e áreas de actividade económica.

Os crecementos non sempre se producen nos bordos do espazo xa edificado, senón que, con frecuencia, os novos centros comerciais, parques empresariais ou urbanizacións se constrúen en lugares cuxos arredores non presentan ningunha outra edificación. Neste sentido, fálase dun proceso de fragmentación do espazo urbano, xa que este se presenta como un conxunto de espazos illados e conectados entre sí por autovías e estradas.

Cidade difusa

Nos últimos anos producíronse decisivos cambios na morfoloxía urbana. O modelo de cidade mediterránea, compacta, foise substituíndo polo tipo de cidade difusa de modelo anglosaxón.

A cidade difusa ou dispersa esténdese horizontalmente e está separada en áreas especializadas e monofuncionais: zonas residencias (diferenciadas por prezos e por grupos sociais), áreas comerciais, zonas de lecer, centros de ensino, universidades, barrios administrativos e de oficinas... Ademais diminúe aquilo que é propio da cidade: o contacto humano, os intercambios e a sociabilidade.

Trátase dunha zona urbana caracterizada pola mestura de usos e de funcións e pola tendencia a ocupar un territorio moi extenso. A dispersión ou espallamento urbano implicou unha aceleración na ocupación do espazo, xa que os modelos de urbanismo suburbano son altamente consumidores de solo. Tamén implicou unha exacerbación da mobilidade individual: as viaxes pendulares cotiás (por motivos de traballo, estudo ou lecer) aumentaron en número e distancia xa que o ámbito de relación pasou a ser o da escala rexional metropolitana.

Os cambios no centro urbano (degradación vs rehabilitación)

A partir da segunda metade do século XX, os centros históricos de moitas cidades españolas comezaron a sufrir unha progresiva deterioración e abandono. Xa a mediados do século XIX, coa construción dos ensanches, as clases altas comezaron a abandonar os centros históricos, e despois tamén o fixeron outros grupos sociais.

Desde mediados do século XX, intensificouse a perda de poboación nestas zonas. A maior parte dos que permaneceron eran anciáns con baixos niveis de renda, polo que o centro experimentou un proceso de envellecemento e empobrecemento. Todo isto reflectiuse nunha deterioración urbana, xa que moitas vivendas quedaron baleiras, e noutras non se realizaron as obras necesarias de mantemento e renovación.

Ao mesmo tempo, a actividade económica tamén se foi desprazando cara aos ensanches, onde se podía dispoñer de edificios máis amplos e modernos para instalar os negocios. O centro histórico só foi capaz de reter algúns centros administrativos e eclesiásticos instalados en edificios monumentais, así como os comercios tradicionais, pero gran parte do emprego trasladouse a outras zonas.

Ao longo das últimas décadas (especialmente, a partir dos anos oitenta do século pasado), as tendencias anteriores víronse, en parte, compensadas por procesos de revitalización destas zonas debido a:

- Políticas públicas de conservación e revitalización. As administracións públicas investiron cuantiosas sumas na rehabilitación dos edificios e a mellora dos espazos públicos, rúas e prazas. Ademais, deron un novo uso a vellos monumentos, converténdoo, por exemplo, en edificios administrativos ou universitarios, e dinamizando así a vida dos centros históricos.

- Desenvolvemento do turismo cultural. Nos últimos anos produciuse en toda Europa unha auténtica explosión do turismo urbano, particularmente do denominado turismo cultural que potenciou a rehabilitación dos centros históricos españois, mediante a restauración de edificios e a peonalización de rúas e prazas. No interior dalgúns cidades realizáronse importantes operacións urbanísticas, consistentes, por exemplo, en reconverter ás vellas áreas industriais en novos espazos de ocio.

- Cambio de actitude da poboación local. A poboación local tamén cambiou a súa valoración sobre o centro histórico, xa que en lugar de percibililo como un espazo deteriorado, agora comeza a velo como un área de oportunidades económicas e tamén como un lugar agradable para vivir. Así, os centros dalgúns cidades están ataendo poboación nova e de maior nivel de renda, o que contribúe a conservar os edificios residenciais e revitalizar estas zonas.

Pese a esta transformación dos centros históricos nos últimos anos, aínda subsisten algúns problemas; especialmente nalgúns barrios onde, so envellecemento da poboación e o baixo nivel de renda, se unen a marxinación social e a conformación de áreas cunha forte concentración de inmigrantes, o que dificulta a súa integración no conxunto da sociedade.

Cambios no uso do solo urbano

Os usos do solo son as diferentes utilizacións do espazo urbano: comercial e de negocios, residencial, industrial, de equipamento, etc.

Na **cidade preindustrial** (dende a súa orixe ata mediados do século XIX) o casco antigo era a parte da cidade urbanizada. Ocupaba unha pequena superficie da cidade actual, pero ten un gran valor, polo legado cultural que contén. Nesta época os usos do solo eran moi diversos (multifuncionalidade).

A cidade preindustrial sufriu notables modificacións como resultado do **proceso de industrialización**, que tivo lugar entre mediados do século XIX e a década de 1960. Os usos do solo do casco antigo experimentaron unha progresiva terciarización. Esta terciarización culminou na década de 1960 e consolidou o casco antigo como centro comercial e de negocios na cidade. O resultado foi, como citamos no punto anterior, o desprazamento dos usos residenciais e a deterioración dos edificios pola contaminación e polas vibracións do tráfico.

As cidades que nesta época implantaron industrias modernas atraeron unha numerosa poboación campesiña e estendéronse creando ensanches para os burgueses, barrios industriais e obreiros, e barrios axardinados. Nos usos do solo acabou producíndose unha división entre unha área residencial e cara para a burguesía e as zonas industriais e os barrios marxinais –con escasos servizos e equipamentos– para o proletariado que creceron arredor do ensanche, ao longo das estradas e camiños que partían da cidade ou xunto ás industrias e ás estacións ferroviarias.

Os *barrios-xardín* creáronse a finais do século XIX e no primeiro terzo do século XX. Son o resultado da difusión en España das ideas naturalistas, que propugnaban o achegamento á natureza. Tratábase de vivendas destinadas, en principio, ás clases medias e baixas, se ben co tempo tamén as clases altas demandaron este tipo de espazos. Co posterior crecemento da cidade, estes espazos quedaron situados en zonas relativamente céntricas, o que favoreceu a súa revalorización e, en bastantes casos, o seu cambio de uso, xa que numerosas casas foron ocupadas por pequenos negocios, por exemplo, gardarías ou clínicas privadas.

Dende mediados de 1950, e sobre todo na **década de 1960**, as principais cidades españolas iniciaron un enorme crecemento. As súas causas foron o incremento natural da poboación e a inmigración campesiña, atraída polo auxe industrial e o progresivo desenvolvemento dos servizos, especialmente do turismo. Así, as cidades ampliaron considerablemente a área edificada e crearon extensas periferias ao longo dos principais

eixes de transporte. Estas áreas urbanas chegaron a unirse ás veces cos municipios veciños, constituíndo aglomeracións urbanas.

Na actualidade (**época postindustrial**), co crecemento urbano, algunhas zonas industriais e barrios obreiros quedaron nunha posición máis céntrica no espazo urbano, o que revalorizou o solo que ocupan, dando lugar a diversas transformacións deste espazo (baleirado industrial e aparición de usos terciarios ou residenciais). Pola contra, os espazos menos accesibles e desorganizados mantéñense como espazos marxinais cuxa deterioración se acentúa.

Nos últimos anos, as grandes cidades teñen un ritmo de crecemento menor, pero continúan estendéndose no espazo, debido á difusión de parte da súa poboación e da súa actividade económica cara a periferias cada vez máis afastadas. Estas periferias estrutúranse en diferentes áreas: barrios residenciais, áreas industriais e áreas de equipamento:

- Os **barrios residenciais** da periferia responden a diversas tipoloxías e presentan bastante homoxeneidade social derivada do prezo do solo e da distancia ao centro:

-Os **barrios marxinais** de infravivenca ou choupanas xorden sobre solo ilegal, rústico ou verde, e sen organización urbanística. As vivendas son autoconstruídas con materiais de refugallo e carecen dos servizos elementais.

- Os **barrios de vivendas de promoción oficial** construídos con axuda estatal e con limitacións no prezo de venda ou de alquer. Na maioría dos casos, formaron barrios de trama aberta con vivendas en bloques, caracterizados pola monotonía, a baixa calidade construtiva, que motivou o seu envellecemento prematuro, e graves carencias en equipamentos e servizos.

- Os **polígonos de vivenda de promoción privada** adoptaron trama aberta en bloques ou torres con amplos espazos entre as vivendas para xardíns ou aparcamentos. Os edificios xeométricos, creadores dunha paisaxe monótona, deron a estos barrios a imaxe de “colmea”. O uso destes polígonos foi sobre todo residencial; os comercios e as dotacións de barrio concentráronse en certas zonas.

- Os **barrios de quinteiro pechado** rexurdiron nas décadas de 1980 e 1990, como forma de recuperar a escala humana en altura e a organización das rúas. Teñen menor densidade e danlle un uso colectivo ao patio, ben privado (xardíns, xogos infantís, piscina) ou ben público (prazas).

- As **áreas de vivenda unifamiliar** proliferan na periferia a partir da década de 1980, favorecidas polo desexo da clase media de contacto coa natureza o polo uso do automóbil. Presentan un uso do solo fundamentalmente residencial. Nalgúns casos xurden zonas residenciais exclusivas, construídas con capital privado, separadas do resto da cidade por muros e valos, con gardas de seguridade que controlan o seu acceso ás persoas que non residen nelas.

- As **áreas industriais** localízanse xunto ás principais vías de acceso á cidade, buscando a proximidade urbana e solo abundante a prezo alcanzable. Estas áreas inclúen polígonos industriais das décadas de 1950 e 1960, ben planificados ou desorganizados, que nalgúns casos se rehabilitaron para acoller novas empresas. Tamén inclúen espazos industriais novos, como parques empresarias e tecnolóxicos, en áreas de gran calidade ambiental; ou polígonos de naves acaroadas destinados a empresas con menos recursos.

- As **áreas de equipamento** son froito da actual descentralización das actividades económicas cara á periferia urbana. As máis frecuentes son grandes superficies comerciais, centros escolares, sanitarios e administrativos e outros servizos.